



# Por unha Europa Social, Solidária e dos Povos

**O** mito da construción europea como espazo político democrático e soberano, garante de dereitos económicos, sociais e políticos para os traballadores/as e os povos que conforman o territorio europeu está hoxe posto en entredito pola sangrante realidade de que a Unión Europea é cada vez mais un espazo económico e monetario onde os mercadores campan a gusto e menos unha Europa social onde se protexen os dereitos dos traballadores/as e as súas familias.

Os mecanismos que en aras da competitividade garanten a acumulación de beneficios á banca, os fondos de pensións e as empresas multinacionais son idénticos e reproducen-se na Unión Europea:

1.- Redución de custos: Desfiscalización progresiva das rendas do capital como incentivo para a instalación de empresas que, no marco de políticas orzamentarias de déficit cero, construen a quebra financeira do sistema de protección social, ralentizada temporalmente polos ingresos do Estado procedentes das privatizacións. Diminución das cotizacións sociais e restrición consecuenta das prestacións sociais por desemprego, enfermidade, etc. Redución da contía e dos colectivos con dereito a pensións da Seguridade Social e medra correspondente dos planos de pensións privados. Sucesivas reformas laborais que introducen masiva e progresivamente a precariedade no emprego e que implican a desindicalización práctica dos colectivos afectados e a conculcación de dereitos e a persecución que se instaura nas novas relacións laborais.

2.- Privatizacións: Venda fraudulenta de empresas públicas rendíbeis - precedida de xenerosos investimentos estatais - que pasan de ser monopolios públicos en sectores estratéxicos para pasar a ser monopolios privados. Redución do orzamento destinado ao financiamento directo de estruturas públicas na sanidade e a educación coa correspondente degradación dos servizos, transferencia de fondos a entidades privadas via concertos e privatización directa das súas parcelas rendíbeis.

Manifestación, 14 de febreiro ás 11:30 horas,  
na Alameda de Santiago

No plano político, a Unión Europea arrastra tamén severos défices no recoñecimento da diversidade nacional nos distintos Estados que a conforman. Nacións sen Estado que non atopan mecanismos de participación na definición de políticas que os implican directamente e que afectan sectores estratéxicos das súas economías, ven-se indefensas e os seus intereses vitais son utilizados como moeda de troco na negociacións cupulares entre estados que se producen nos organismos da Unión Europea. Galiza é un claro exemplo desta realidade, xa que ao longo dos anos viu como os sectores básicos da súa economía foron reducidos como consecuencia das políticas da Unión Europea.

O obxectivo do pleno emprego, aínda que asumido teoricamente pola UE, está cada vez máis lonxe. As políticas de desregulación do mercado de traballo terán, en medio da crise económica que está en pleno desenvolvemento, sérias consecuencias na elevación da taxa de desemprego e no incremento da precariedade laboral. Fronte a esa situación, as políticas de emprego da Unión Europea evidencian, particularmente no Estado español, a súa inutilidade.

Mais alá da euforia pola implantación do euro e a autocompracencia pola presidencia española da Unión Europea, desde a CIG esiximos un troco de rumbo na condución da Unión Europea, o cesamento das políticas de déficit cero, a restauración dos mecanismos de protección social, a restauración do emprego de calidade, a reversión das políticas de desregulación laboral e o recoñecimento real dos dereitos das nacións sen Estado dentro da UE.



# Contra a Europa dos Mercadores e a Globalización Neoliberal

**Convocan**

**BNG, CAF-CAE, CIG, Galiza Nova, SLG**